

**Acta N°1**

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 5 PRAZAS DE **AUXILIAR DO SAF (PERSONAL LABORAL FIXO)** MEDIANTE CONCURSO – OPOSICIÓN PERTENCENTE Á CONVOCATORIA DA OPE EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.

LUGAR; Salón de Plenos da Casa do Concello de Negreira.

DATA: 3 de decembro de 2024.

HORA COMEZO: 16:30 h

HORA DE REMATE: 19.50 h

ASISTENTES;

Presidenta: Miriam Naveira Dono. (Secretaria do Concello de Negreira).

Vogais:

Vogal 1.- Sonia Ponte Esturao.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

Vogal 2.- Belén Pérez Caamaño.- Traballadora Social do Concello de Mazaricos.

Vogal 3.- Sonia Nieto López .- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

Secretaria: Patricia Barreiro Casal (Administrativa do Concello de Negreira)

Tendo presente a resolución número 448/2024, de data 26 de novembro de 2024, polo que se aproba a listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas no proceso de selección das 5 prazas de Auxiliar do SAF (persoal laboral fixo) mediante concurso - oposición, a xornada completa da Oferta de Emprego Público extraordinaria 2022 (Lei 20/21 do 28 de decembro).

De acordo ao establecido nas bases específicas e xerais que regulan o proceso selectivo para a praza de Auxiliar do SAF mediante concurso - oposición (persoal laboral fixo) (BOP nº243 do luns 26 de decembro de 2022) onde se establecen os criterios de selección das persoas candidatas admitidas no proceso de selección para a dita praza.

O sistema selectivo empregado será o concurso - oposición e a puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas nas devanditas fases. A fase de concurso será posterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse na sede electrónica do Concello de Negreira e na páxina web municipal.

A fase de oposición non será eliminatória, estará composta por un único exercicio tipo test en relación ao contido do temario que figura nas correspondentes bases específicas, con tres respostas



alternativas das que só unha delas será a correcta. As respostas incorrectas ou en branco non penalizarán. A puntuación máxima desta fase será de 60 puntos.

A data determinada polo Tribunal para a realización do exame Tipo Test, será:

**Día: Mércores, 11 de decembro de 2024.**

**Hora; 16:00 h**

**Lugar: TELECENTRO DA CASA DE CULTURA (1º Andar) C/carreira de San Mauro nº11.**

A batería de preguntas é a seguinte:

**1 Segundo a Constitución Española de 1978, (sinale a correcta)**

A	O castelán é a lingua española oficial do Estado e todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas.
B	O castelán é a lingua española oficial do Estado e todos os españois teñen o deber de coñecela e usala. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas.
C	O castelán é a lingua española oficial do Estado e todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito a usala. Os demais dialectos das respectivas Comunidades Autónomas non serán oficiais.

**2 Segundo a Constitución Española de 1978, (sinale a correcta)**

A	Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, e prohibese a pena de morte, baixo ningún concepto.
B	Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, prohibíndose que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratamentos inhumanos ou degradantes.
C	Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, permitíndose a pena de morte para aqueles delitos previstos por unha Lei Orgánica.

**3 Os Dereitos Fundamentais, recóllense na Constitución Española de 1978,**

A	No Título I, Capítulo Segundo, Sección 2ª.
B	No Título II.



C	No Título I, Capítulo Segundo, Sección 1ª.
---	--

**4 O dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada,**

A	É un Dereito Fundamental recollido na Constitución Española de 1978 e goza de especial protección.
B	É un Dereito de carácter social recollido na Constitución Española de 1978.
C	Non está constitucionalmente previsto, polo que é responsabilidade exclusiva de cada cidadán.

**5 De acordo coa Constitución Española de 1978, (sinale a incorrecta)**

A	Son electores e elixibles como Deputados, todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos.
B	Son electores e elixibles nas eleccións municipais, todos os españois que estean en pleno uso dos seus dereitos políticos, sen prexuízo do que por tratado ou lei poida establecerse para o dereito de sufraxio activo e pasivo para os estranxeiros.
C	Son electores e elixibles en todas as eleccións, os españois e cidadáns da Unión Europea, sen necesidade de previsión normativa a maiores do disposto na Constitución.

**6 De acordo coas previsións da Constitución Española de 1978, (sinale a correcta)**

A	O Goberno responde solidariamente na súa xestión política ante o Congreso dos Deputados.
B	O Goberno está integrado no Senado, e identifícase co Poder Executivo.
C	O Goberno está integrado no Congreso dos Deputados, e identifícase co Poder Lexislativo.

**7 O estado de alarma previsto na Constitución Española de 1978, (sinale a correcta)**

A	Será declarado por Goberno mediante decreto acordado no Consello de Ministros por un prazo máximo de trinta días, dando conta ao Congreso dos Deputados.
B	Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado no Consello de Ministros por un prazo máximo de quince días, dando conta ao Congreso dos Deputados.
C	Será declarado polo Goberno mediante decreto acordado no Consello de Ministros, previa autorización do Congreso dos Deputados, que determinará o seu ámbito territorial, duración e condicións.



**8 A reforma da Constitución Española de 1978, (sinale a correcta)**

A	En todo caso, deberá ser aprobada por unha maioría de tres quintos de cada unha das Cámaras e sometida a referendo de todos os españois.
B	En todo caso, deberá ser aprobada polo voto favorable da maioría absoluta do Senado e maioría de dous terzos do Congreso, someténdose con posterioridade a referendo de todos os españois.
C	a) e c) son incorrectas.

**9 A Constitución de 1978 garante,**

A	A autonomía dos municipios, que gozarán de personalidade xurídica plena.
B	A autonomía das provincias, que gozarán de personalidade xurídica plena.
C	A autonomía dos municipios e das provincias, que gozarán de personalidade xurídica plena.

**10 De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:**

A	O Pleno da Corporación ostenta a xefatura superior de todo o persoal, e acorda o seu nomeamento e sancións, incluíndo a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despedimento do persoal laboral, co visto e praxe da Alcaldía.
B	O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta a xefatura superior de todo o persoal, e acorda o seu nomeamento e sancións, incluíndo a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao Pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que se celebre.
C	O Alcalde é o Presidente da Corporación e ostenta a xefatura superior do persoal laboral, incluíndo os seus despedimentos, correspondendo a xefatura do persoal funcionario á Secretaría da Corporación, incluíndo a separación do servizo.

**11 De acordo co artigo 25 da Lei 7/1975, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, exercerá como propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas:**

A	Competencias en materia de Servizos Sociais.
---	--



B	Competencias en materia de prestación do Servizo de Axuda no Hogar.
C	Competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

**De acordo coas previsións contidas na Lei 7/1975, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os Servizos Sociais e, polo tanto, o Servizo de Axuda no Hogar, para os Municipios**

12

A	Son unha competencia propia, de acordo co artigo 25.
B	Son un servizo que deberán prestar en todo caso, de acordo co artigo 26.
C	Son unha competencia exercida por delegación da Comunidade Autónoma, polo que, en todo caso, debe prever os medios persoais, materiais e económicos que esta asigne sen que, en ningún caso, poida supoñer un maior gasto para as Administracións Públicas.

**13 O Servizo de Axuda no Fogar,**

A	Pode prestarse de forma directa, polas propias Administracións Públicas, ou indirecta, externalizando e licitando o servizo, en función de cal sexa a opción acorde coa estabilidade orzamentaria da Administración Pública que exerce a competencia.
B	É un servizo esencial e obrigatorio para os Municipios de entre 5.000 e 20.000 habitantes.
C	Ningunha das anteriores é correcta.

**De acordo coa Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en todo caso, están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas:**

14

A	As persoas físicas.
B	Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
C	Os Xulgados.

**15 Os Municipios e, en consecuencia, os seus empregados públicos:**

A	Están suxeitos ás previsións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de
---	--



	Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais.
B	Ostentan un réxime especial dentro dos suxeitos da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais.
C	Non están suxeitos á regulación feita pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía de dereitos dixitais.

**16 Os empregados das Administracións Locais**

A	Ostentan o deber de confidencialidade con respecto aos datos que coñezan por razón do exercicio das súas funcións.
B	Deben observar o deber de secreto profesional de conformidade coa normativa que lle sexa aplicable por razón do exercicio das súas funcións respectivas, o que será complementario ao deber de confidencialidade.
C	a) e b) son correctas.

**17 De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a aprobación das formas de xestión dos servizos e os expedientes de municipalización, é unha competencia que corresponde**

A	Á Alcaldía da Corporación, dando conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre con posterioridade.
B	Ao Pleno da Corporación, a proposta da Alcaldía da mesma.
C	Á Alcaldía da Corporación, sendo necesaria a súa ratificación polo Pleno en sesión extraordinaria convocada para ese efecto.

**18 Na Administración Local, son requisitos xerais para o acceso ao emprego público mediante a concorrencia aos procesos selectivos respectivos:**

A	Ser preseleccionado polo Servizo Público de Emprego.
B	Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
C	Estar en condición de obter a titulación esixida.

**19 Para acceder á condición de empregado público na Administración Local, é requisito imprescindible:**

A	Superar un proceso selectivo, que observe os principios de igualdade, mérito e capacidade.
---	--



B	Estar rexistrado no Servizo Público de Emprego.
C	Estar rexistrado no Servizo Público de Emprego e empadroado no Concello correspondente.

- 20 A perda da condición de empregado público, en condición de persoal laboral, pode ocorrer:**

A	Por perda da nacionalidade.
B	Por alcanzar a idade legal de xubilación.
C	Por despedimento executado polo xefe de persoal.

- 21 A realización dun cambio postural entra dentro das tarefas de Auxiliar de Axuda no fogar na área:**

A	Coidado específico
B	Ningunha é correcta
C	Coidado persoal

- 22 Para mobilizar a un paciente encamado, hai que ter en conta:**

A	Se está dentro das nosas funcións mobilizalo.
B	Se o paciente está en condicións de colaborar.
C	Nosa forza persoal e non pedir axuda aos seus familiares.

- 23 Entre as causas que favorecen a aparición das úlceras por presión temos:**

A	Causas endócrinas
B	Estrés.
C	Modificación de conduta

- 24 A técnica de transferencia do paciente da cama á cadeira de rodas:**

A	Colocar a cadeira de rodas co respaldo nos pés da cama, paralela á mesma e freada.
B	Colocarnos de fronte ao usuario, collelo polos pulsos e tirar cara a nós.
C	Desde o centro da cama, viramos os pés do usuario



- 25 **No traslado dun usuario/a do SAF, da cama á cadeira de rodas, cando este colabora, é certo que:**

A	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se vire de costas á cadeira.
B	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se coloque en fronte á cadeira.
C	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se coloque de maneira lateral na cadeira.

- 26 **Os cambios posturais realizaranse cada:**

A	8 horas.
B	2 ou 3 horas.
C	Polo menos 4 veces ao día, cada 6 horas.

- 27 **Ao conxunto de manobras dirixidas a solucionar o estado da parada cardiorespiratoria denomínaselle:**

A	Manobra de actuación primaria
B	Manobras de reanimación
C	Reanimación cardiopulmonar

- 28 **Cales son os signos vitais?**

A	Temperatura, presión arterial, pulso, frecuencia respiratoria
B	Temperatura, presión arterial, capnometría
C	Temperatura, presión arterial, pulso, frecuencia respiratoria, saturación do osíxeno

- 29 **Ante unha hemorraxia externa débese:**

A	Elevar a zona afectada
B	Comprimir cun pano seco e exercer presión.
C	Elevar a zona afectada e comprimir cun pano seco e exercer presión.

- 30 **Cando o paciente está deitado sobre as costas, coas pernas estendidas e os brazos aliñados ao longo do corpo, fálase de posición:**





A	Fowler
B	Decúbito supino
C	O MMSE de Foisten

**31 O SAF (servizo de axuda no fogar) atende prestacións e tarefas de:**

A	Atencións de carácter persoal.
B	Tarefas domésticas.
C	Todas as respostas anteriores son correctas.

**32 En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo de axuda no fogar:**

A	A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo
B	Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
C	Ambas son correctas

**33 Cales das seguintes atencións non son de carácter persoal:**

A	Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos
B	Preparación de comida
C	Apoio para levantarse e deitarse

**34 Que instrumento se utiliza para medir a capacidade dunha persoa para realizar dez actividades da vida diaria (AVD), consideradas como básicas:**

A	Escala de Barthel
B	Escala de Lawton e Body
C	O SPMSQ de Pfeiffer

**35 Segundo se establece na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, este ten por obxecto:**

A	Prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha
---	--



	perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desestruturación familiar.
B	Prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e individualizada, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desestruturación familiar.
C	Prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva persoal e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en casos de desestruturación familiar.

**36 Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:**

A	Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
B	Servizo de fisioterapia.
C	a e b son correctas.

**37 O servizo de teleasistencia domiciliaria permite á persoa usuaria:**

A	Ter contacto permanente coa central de atención, pulsando o botón do medallón ou pulseira que deben levar sempre consigo.
B	Obter unha resposta positiva e inmediata ante situacións de emerxencia e necesidade as 24 horas do día, 365 días ao ano, proporcionándolles autonomía, seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias.
C	a e b son correctas.

**38 Sinala os límites xeográficos do Concello de Negreira:**

A	Leste: Co Concello de Ames, ó sur co Concello de Brión, Noia e Outes, ó oeste linda con Outes e Mazaricos e ó norte con A Baña e Santa Comba.
B	Norte: A Baña e Brión, Sur; Brión e Noia, Este; Ames e Oeste; Santa Comba.
C	Norte; Santa Comba, Sur; Noia, Este; Ames e Oeste; Brión.

**39 Sinala cuántas parroquias ten o Concello de Negreira:**

A	14
B	16



C	18
---	----

**40 En que parroquia do Concello de Negreira, se atopa o lugar de Fontemirón.**

A	San Martiño de Broño.
B	Santa María de Portor.
C	San Cristobo de Arzón.

**41 En que parroquia do Concello de Negreira se atopa o lugar de Espesedo.**

A	San Mamede da Pena
B	San Pedro de Bugallido.
C	Santo Tomé de Alvite

**42 Que río transcorre por San Fiz de Campelo**

A	Río Tambre
B	Río Albariña
C	Río Pequeno

**43 Cantos habitantes aproximadamente ten o Concello de Negreira**

A	Aproximadamente 6.850 habitantes.
B	Aproximadamente 7.300 habitantes.
C	Aproximadamente 5.500 habitantes.

**44 Onde se sitúa o Concello de Negreira**

- A Sitúase ó Leste de Santiago de Compostela
- B Sitúase ó Sur de Santiago de Compostela
- C Sitúase ó Oeste de Santiago de Compostela

**45 Pola parroquia de San Mamede de Zas, transcorre o río:**

A	Barcala
B	Tambre



C	Xallas
---	--------

**46 Sinala que dúas parroquias se tocan**

A	San Fiz de Campelo con San Martiño de Broño
B	Santa Cruz de Campolongo con San Cristobo de Arzón.
C	Santo Tomé de Alvite con San Pedro de Bugallido.

**47 Sinala que dúas parroquias se tocan**

A	Santa Maria de Portor con Santa Baia de Logrosa
B	San Martiño de Broño con San Cristobo de Arzón
C	San Pedro de Gonte con Santa Cruz de Campolongo.

**48 Cal das seguintes rúas pertence ao concello de Negreira:**

A	Rúa Licenciado Pedro Rodríguez.
B	Rúa da Cachurra
C	Todas son correctas.

**49 Unha medida de prevención para evitar as úlceras por presión é:**

A	Dieta hiperprotéica, rica en vitamina C e achega abundante de líquidos.
B	Utilizar pomada e pos.
C	Realizar cambios posturais cada 6 horas

**50 A persoa de axuda a domicilio ten como deber:**

A	A elaboración dun informe social sobre a situación persoal e o grao de autonomía das persoas solicitantes.
B	Atender as necesidades que manifesta a persoa beneficiaria do servizo de axuda a domicilio sen consultar coa coordinación do servizo.
C	O trato respectuoso, salvagardando a intimidade e dignidade da persoa usuaria, non revelando información algunha procedente da prestación do servizo.

**51 Son obxectivos do Servizo de Axuda a Domicilio:**



A	Impedir a realización de tarefas e actividades que a persoa poida realizar por si soa, interferindo na súa capacidade de decisión.
B	Adaptar a vivenda ás necesidades da persoa atendida, mediante ramplas, instalación de axudas técnicas realizadas pola auxiliar de axuda a domicilio.
C	Incrementar a autonomía da persoa usuaria e a do seu familiar e conseguir cambios conductuais na persoa tendentes a mellorar a súa calidade de vida.

52 **O persoal auxiliar de axuda a domicilio é o encargado de realizar as tarefas establecidas por:**

A	Só realizará o que lle ordene o familiar a cargo da persoa usuaria.
B	A persoa usuaria, segundo o que queira ese día.
C	A coordinación do servizo segundo o establecido no Plan de Intervención.

53 **Cando unha persoa usuaria estivo moito tempo en decúbito prono, pode aparecer unha úlcera por presión en:**

A	No talón.
B	No xeonllo.
C	no omóplato.

54 **Se queremos poñer de pé a unha persoa usuaria que está deitada, incorporámola aplicando o procedemento de:**

A	Entrecruzamento de brazos.
B	Tirar das mans.
C	Entrecruzamento de pernas.

55 **A limpeza do fogar está consideradas como unha tarefa de SAD?:**

A	Si, cando os familiares das persoas usuarias o soliciten.
B	Non.
C	Si, sempre que se realiza de forma conxunta coas tarefas de carácter persoal.



**56 Entre as funcións do persoal auxiliar están:**

A	Usar o seu vehículo para desprazar ás persoas usuarias.
B	Realizar todas aquelas tarefas que a persoa usuaria ou a familia demanden.
C	Facilitar ás persoas usuarias canles de comunicación co seu entorno e co persoal técnico do servizo.

**57 Á hora de facilitar a unha persoa usuaria o paso de sedestación a bipedestación o primeiro paso a realizar é:**

A	Anticiparlle e comentar correctamente á persoa usuaria o que imos facer.
B	Darlle un estímulo táctil nas pernas para que se activen.
C	Deixar que o tente tantas veces como queira aínda a risco de que sufra unha caída.

**58 Nunha dieta astringente non debe incluírse:**

A	Líquidos.
B	Verduras.
C	Carnes.

**59 No traslado dunha persoa usuaria da cama á cadeira de rodas, cando esta colabora, é certo que:**

A	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se coloque fronte á cadeira.
B	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se vire de costas á cadeira.
C	Unha vez de pé, hai que indicarlle que se coloque de forma lateral á cadeira.

**60 No procedemento para o aseo de costas e glúteos da persoa encamada hai que ter en conta:**

A	Poñer decúbiteo prono, lavar, aclarar e secar ben.
B	Poñer decúbiteo lateral e, mentres se lava, aclárase e sécase ben, vixiar os puntos de presión para evitar úlceras.
C	Poñer decúbiteo supino, lavar, aclarar e secar ben.



- 61 Se queremos poñer de pé a unha persoa usuaria que está sentada pedirémoslle que pase un dos seus brazos ao redor de:**

A	Nosa cintura.
B	O noso pescozo.
C	O seu peito.

- 62 O baño da persoa usuaria encamada hai que realizala por partes, o primeiro que debe lavarse son:**

A	Cara, pescozo e orellas.
B	Costas e nádega.
C	Mans.

- 63 O lavado de xenitais da persoa usuaria realízase:**

A	De diante cara atrás.
B	Sempre ao principio do baño e cámbiase á auga.
C	De atrás cara adiante.

- 64 Son tarefas de limpeza propias do SAD:**

A	A coada, o ferro e a organización da roupa persoal e do fogar.
B	A limpeza de terrazas e patios.
C	A organización e coidado de aveños persoais e de todas as persoas que convivan no domicilio.

- 65 Como se debe actuar ante a agresividade dunha persoa usuaria que non quere bañarse:**

A	Desviar a súa atención cara a outras cousas.
B	Rifarlle para que entre en razón.
C	Realizar a actividade sen explicar o que se vai a facer.



**66 Cales son as prestacións que atende en Servizo de Axuda a Domicilio:**

A	Coidados na vivenda.
B	Atención de carácter persoal, tarefas domésticas básicas e apoio ao coidador.
C	Tarefas persoais, tarefas domésticas e tarefas de coidado.

**67 Das seguintes afirmacións sobre o persoal auxiliar de axuda a domicilio, cal non é correcta:**

A	Pode colaborar coa familia e as persoas próximas.
B	Traballa para conseguir a dependencia da persoa.
C	Fomenta a autonomía da persoa no seu domicilio.

**68 Dentro do SAD, serán tarefas de apoio á persoa coidadora:**

A	Substitución da persoa coidadora durante o tempo necesario para realizar actividades que cubran as súas propias necesidades básicas ou o seu desenvolvemento persoal ou social.
B	Axuda na tarefas orientadas a satisfacer as necesidades básicas da persoa dependente.
C	As respostas A e B son correctas.

**69 Cunha persoa usuaria con problemas de mastigación que alimentos non deberían formar parte da súa dieta:**

A	Puré de verduras.
B	Froitos secos.
C	Pito guisado

**70 Non se considera axuda técnica:**

A	Guindastre.
B	Táboa de bañeira.
C	Cadeira de brazos de masaxe.



**71 As actividades e tarefas cotiás que fundamentalmente recaen sobre o propio destinatario da prestación son actividades a realizar polo SAD de tipo:**

A	Educativo.
B	Persoal.
C	Doméstico.

**72 As actividades instrumentais da vida diaria son:**

A	Limpar, lavar, cociñar.
B	Manexo de cartos, control de medicación, facer a compra.
C	Todas son correctas.

**73 A técnica de aseo conleva varios pasos cunha orde lóxica, e primeiro é:**

A	Lavar en primeiro lugar a cara.
B	Preparación do material.
C	Levar a cabo o aseo de arriba cara abaixo.

**74 A técnica de transferencia do inodoro á cadeira de rodas conleva varios pasos, o primeiro é:**

A	Situarnos no lado dereito da persoa usuaria.
B	Colocarnos de fronte á persoa usuaria, facelo por baixo das axilas e levantalo.
C	Colocar a cadeira no lugar adecuado freada.

**75 Das respostas que se dan a continuación sobre o material necesario para realizar o baño da persoa usuaria, cales son necesarias:**

A	Dúas palanganas, xabón PH neutro, aclarado.
B	Palangana, xabón PH neutro, dúas esponxas, toallas ou compresas.
C	Palangana, xabón PH neutro, hábitos.



**76 É necesario seguir sempre a mesma pauta á hora de realizar o baño da persoa usuaria:**

A	Si.
B	Non.
C	Preguntaráselle á persoa usuaria.

**77 Á hora de realizar a hixiene xenital feminina en que se insistirá:**

A	Na fenda anal.
B	Nos beizos maiores e menores separándoos para limpar a fenda vulvar e o ano.
C	Manter a pel integra.

**78 A hixiene bucal é o inicio de:**

A	Da vía hepática.
B	Da vía dixestiva.
C	Das vías respiratorias.

**79 Cantas veces débese realizar o aseo da persoa usuaria ao día:**

- A Tantas veces como sexa necesario, xeralmente pola mañá.
- B Unha pola mañá e outra pola noite.
- C Unha vez ao día.

**80 É imprescindible sempre poñerse luvas para realizar o aseo do paciente?**

A	Si, luvas non estériles.
B	O que sexa máis cómodo.
C	Ningunha resposta é correcta.

**81 En que posición debemos colocar á persoa usuaria que se atopa na cama á hora de realizar o baño:**

A	Decúbito supino.
B	Ladeado.
C	Na posición que se atope máis cómodo.



**82 Como se debe cortar as uñas das mans cando se realiza a hixiene da persoa usuaria:**

A	Curvas.
B	Laterais.
C	Rectas.

**83 Á hora do baño da persoa usuaria, se esta é autónoma, por onde se lle explicará que debe comezar a realizalo:**

A	Polo coiro cabeludo.
B	Polas extremidades superiores.
C	Lavándose a cara con auga soa e despois enxabóase a pel con movementos circulares e presión suave.

**84 Que debemos facer para preservar a intimidade da persoa usuaria en cama cando imos realizar o baño:**

A	Espila.
B	Cubri-la cunha saba ou toalla.
C	A e B son correctas.

**85 Das respostas que se dan a continuación sinala se algunha debe formar parte na execución do baño/ducha da persoa usuaria:**

A	Secar correctamente a pel, insistindo nos pliegues cutáneos.
B	Aclarar con abundante auga e en dirección ascendente.
C	Todas as respostas son correctas.